



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2022

Sendo ás 20:04 horas do día 27 de outubro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urgente convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D^a. Ana María Vecino Santiago

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

Concelleiros/as non adscritos/as

D. Miguel Ángel González Gómez

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D. Faustino Santiago Lema

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

D. Jesús Daniel García Cotelo

SECRETARIA: D^a. M^a. CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións na Secretaría do Concello de Ponteceso

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido.

1º. Ratificar o carácter urgente da sesión.

O alcalde explica que se trata en primeiro lugar de ratificar o carácter urgente da sesión, o cal é preceptivo para que se poda celebrar. A urxencia ven motivada porque no día de mañá sen dilación teñen que subir a documentación á plataforma SUBTEL.

O Sr. Eiroa Ameijenda di que as súas compañeiras Raquel e Ana están traballando e pregunta á secretaria se a sesión está convocada con tempo suficiente. A el avisárono ás 12 da noite onte.

A secretaria sinala que pouco pode engadir á resolución de convocatoria, na que se indica:

“Son sesiones extraordinarias urgentes las convocadas por el Alcalde o Presidente cuando la urgencia del asunto a tratar no permite convocar la sesión extraordinaria con la antelación mínima de dos días hábiles exigida por la Ley 7/1985 de 2 abril.”

A secretaria aclara que non hai unha antelación mínima prevista na norma.

O concelleiro volve a preguntar se avisou en tempo, porque se está traballando fóra e non poden asistir...

A secretaria responde que si está convocada legalmente.

O alcalde di que a comisión informativa convocouse con carácter extraordinario e urgente e os non adscritos designados foron convocados.

O Sr. Santiago Lema di que os non adscritos non elixiron nada e convocouse a comisión informativa cando quixo, os non adscritos votaron a favor da urxencia, pero pregunta porque tivo que ser todo tan a prisa.

O alcalde responde que non se puido facer antes e está todo debidamente explicado na convocatoria.

Consonte ao o disposto no artigo 79 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, sométese a votación a a urxencia, sendo ratificada por unanimidade dos membros presentes (3 G.M.PSOE, 2 G.M. PP, G.M. APIN e 3 concelleiros non adscritos).

2º. Aprobación da participación do Concello de Ponteceso na segunda fase do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”. Expte. 2022/A008/000007.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2022”

A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022, mediante acordo plenario de data 26/11/2021 e publicado no BOP número 228 do 30 de novembro de 2021.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 10/02/2022, acordou participar no dito Plan.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022 para regular o POS+ADICIONAL 2/2022, mediante acordo plenario de data 27/05/2022. O importe da achega provincial asignada a este concello ascende a 446.364,28 €.

O POS+ADICIONAL 2/2022 consta de dúas fases:

- Na 1ª fase inclúense os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ó POS+2022, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polo concello. Consta, a este respecto, a resolución de alcaldía núm. 469/2022, de 29 de xuño resolvín Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) da Deputación Provincial da Coruña confirmando a aplicación da maior achega provincial á obra Novo colector de intercepción da rede de pluviais en Ponteceso e mellora da drenaxe do xuncal cun orzamento total de 233.892,93 €

- Na 2ª fase, por importe de 212.471,35 €, pódese incluír o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 e/ou a revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 773/2022, de 5 de outubro, pola que se acorda participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<POS+ ADICIONAL 2/2022>> da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, de data 17/10/2022 na que nos solicitan a certificación do acordo do Pleno do concello, segundo indica a Base 13.4.2 das reguladoras do Plan.

Logo de ver o proxecto da Obra de **Ampliación do Abastecemento na Parroquia de Langueirón (Langueirón, Os Melcos, A Carrasqueira)**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, co número de colexiado 22.992, de outubro de 2022, por un importe de 212.471,35 € (ive engadido) e un prazo de execución de 6 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 25/10/2022; informe da intervención municipal do 25/10/2022 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII), informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico, Ernesto Fernando Calvo Pérez do 25/10/2022 para o investimento indicado e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado polo técnico municipal e secretaria municipal o 25/10/2022.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<POS+ ADICIONAL 2/2022>> da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibiles:

Investimentos financeiramente sostibiles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibiles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Ampliación do abastecemento na parroquia de Languerón (Languerón, Os Melcos, A Carrasqueira)	212.471,35 €	0 €	0 €	0 €	212.471,35 €
TOTAL	212.471,35 €	0 €	0 €	0 €	212.471,35 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios					

Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	212.471,35 €	0 €	0 €	0 €	212.471,35 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	212.471,35 €	0 €	0 €	0 €	212.471,35 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ponteceso, 25 de outubro de 2022

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

Xosé Lois García Carballido"

A voceira do PP sinala que no anexo V xurde unha dúbida respecto do importe 170.176,57 euros, pide que o alcalde ou a interventora o aclare.

O alcalde dálle a palabra á interventora.

A Sra. Interventora explica a conclusión do seu informe: o IVE non é deducible polo concello.

A Sra. Carrillo Aguiar agradece a explicación e sinala que os votos dela e da súa compañeira sempre se fan pensando no benestar veciñal. O alcalde debiu traer esta obra ao pleno de setembro en vez de adicar todo a gasto corrente. En Languirón hai un problema coa auga que debe arranxarse. O PP votou en contra de adicar estes cartos a gasto corrente pola nefasta xestión do alcalde. Dispuxo de tempo suficiente para reunirse coa oposición e acordar o destino deses fondos. Agora ven de “anxo salvador e redentor”. Están aquí para mirar polo ben dos veciños, que non queden sen obras, por eso votan a favor. Instan ao alcalde a que se comprometa a que os 150.000 euros de Sogama se adiquen a continuar coa segunda fase do abastecemento de auga en Languirón.

O alcalde dálle a palabra a APIN.

O Sr. Pose Verdes declina intervir.

O Sr. Eiroa Ameijenda diríxese a PP e APIN e díles que aproba a moción para que vaia adiante e agora dánlles esta coitelada por detrás. El xamais deixou a ninguén tirado e estes dous grupos acaban de facelo, a ver que explicación dan agora.

A Sra. Carrillo Aguiar pide a palabra por alusións e aclara que non deixa a ninguén tirado...

O Sr. Eiroa Ameijenda interrompe e, ante as queixas da Sra. Carrillo Aguiar para que a deixe falar, di que vai deixar falar se quere.

A voceira do PP pide que a deixen falar e aclara que veñen traer cousas e proxectos para a veciñanza, non para Lois García Carballido. A xente que votou ao PP quere proxectos, non quedar sen eles. O POS é para todos os veciños.

O alcalde pídlle ao S. Eiroa Ameijenda que deixe de interromper e respecte as quendas de palabra.

O concelleiro non adscrito responde: “Francisco, tranquilo”.

A voceira do PP dille que a auga é un problema que os veciños de Languirón queren que se arranxe. Dille ao Sr. Eiroa Ameijenda que deixe de facer circo e lémbrale que cando houbo problemas el deixou tiradas ás concelleiras do PP e non vai entrar en detalles porque a ela o circo non lle interesa. Está falando dunha moción e non ven a conto, unha moción que trouxo APIN. Se cadra el fai o que lle mandan.

O Sr. Eiroa Ameijenda dille: “non non, cariño”.

A Sra. Carrillo Aguiar responde: “non non, mi amor”. Rematou a súa intervención.

O alcalde dálle a palabra ao Sr. Santiago Lema.

O Sr. Santiago Lema di que despois de dous anos e medio o alcalde douse conta de que hai que meter os cartos en obras, por eso eles votaron en contra do POS, porque o alcalde quere gasto corrente para os seus amigos Ferreiro e os de arriba.

O alcalde pregúntalle se o está acusando de malversación de caudais públicos e chámalle á orde por primeira vez.

O Sr. Santiago Lema di que non o está acusando de nada, só que non lle aproba os cartos para gasto corrente, querían que foran para obras, e de 757.000 euros metía 47.000 en obras para esa obriña do Couto que ía facer cando quixera, porque era contrato menor. Por eso no se aprobou ese POS. Levan dous anos pedindo que se fagan obras, nunca estiveron en contra nin desta moción nin da senda de Lestimoño, que é a obra máis urxente porque están en perigo as vidas humanas, non quitando importancia á auga da Languerón, que sempre é moi necesaria a auga. Como Lestimoño ten vinte votos, non ten importancia, como lle dixo o alcalde nalgũa ocasión. O alcalde nunca estivo dacordo nas obras, quería meter os cartos onde lle daba a gaña. Os non adscritos non van ser cómplices de meter cartos en gasto corrente. Quere saber cando van aprobar esas obras da auga, non vaia ser que se acordara unha cousa e se empece sabe Deus cando. Igual tiña que haber eleccións cada ano para que se fixeran cousas en todos os pobos. Non se vai opoñer a esta obra de Languerón, nin de ningunha, que as hai moi necesarias, porque foi o acordo cando entraron de concelleiros, e a senda de Lestimoño clama ao ceo porque as persoas xóganse a vida cada minuto. Vai votar a favor pero agarda que os proxectos e todo o que se faga, e en nome dos concelleiros que non viñeron porque non se avisou en tempo – aclara que non lle convenceu a explicación da secretaria – estea ben porque non se fai responsable se o proxecto ten algo ilegal. Quere lembrar que o grupo de goberno abstívose nesa obra e aprobárona os seis concelleiros non adscritos.

O alcalde agradece o voto favorable e quere que conste en acta que hai unha proposta de PP e APIN para completar todo o abastecemento de Languerón con fondos de Sogama e buscar os fondos que faltan onde sexa. Responde ao Sr. Santiago Lema que agora se solicita esta obra, a Deputación aproba en pleno o POS complementario, e o concello mentras tanto vai pedindo as autorizacións sectoriais, e cando se complete poden licitar a obra.

O Sr. Santiago Lema pregunta canto tempo leva eso.

O alcalde dille que a obra do colector do Xuncal está agora en licitación e aprobouse a solicitude no pleno de febreiro, polo tanto oito meses. Depende das sectoriais, todo ten a súa tramitación. Recalca ese compromiso de que nunha semana ter un proxecto completo do abastecemento, tal como propuxeron PP e APIN para completar o abastecemento de Languerón.

O Sr. González Gómez pregunta se aínda non hai proxecto.

O alcalde aclara que este proxecto é completo.

O Sr. González Gómez di que ese compromiso xa é do 2019, con 30 sinaturas aprobadas, ata agora non lle fixo falta a auga a Languerón?

O alcalde entende que o seu voto será favorable.

O Sr. Santiago Lema pide que lle responda ao Sr. González Gómez.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes (3 G.M. PSOE, 2 G.M. PP, G.M. APIN e 3 concelleiros non adscritos), elevándose a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo ás 20 horas e 34 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinándoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido.

M.^a. Cristina Varela García